



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O CONCELLO DA VEIGA PARA A MELLORA E DOTACIÓN DO CENTRO DE INICIATIVAS MUNICIPAIS (CIMA) E OS SEUS ACCESOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético da Consellería de Economía e Industria, **DECLARA:**

Que esta secretaría xeral ten previsto formalizar co concello da Veiga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 26/05/2026 ata o 31/12/2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: establecer as liñas de colaboración para financiar a execución das obras de mellora de accesos e a adquisición de maquinaria industrial para o Centro de Iniciativas Municipais (CIMA) da Veiga.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte: o Concello da Veiga ten, entre os seus obxectivos prioritarios, o fomento da actividade económica e a creación de emprego no termo municipal, para o que está a desenvolver diversas actuacións a través do Centro de Iniciativas Municipais (CIMA). Esta infraestrutura busca fixar poboación mediante a transformación de produtos agrarios e forestais. Para o correcto funcionamento do CIMA, resulta imprescindible executar a mellora dos seus accesos, garantindo a seguridade e a operatividade do transporte de mercadorías, así como a dotación de maquinaria industrial necesaria para o procesado de noces, abelás, mel e outros produtos autóctonos.

A actuación indicada está perfectamente aliada coas competencias e obxectivos da Consellería de Economía e Industria que, a través da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético exerce, entre outras, as competencias relativas ao apoio xeral ao sector empresarial, fomentando a mellora da competitividade das empresas, incidindo no desenvolvemento tecnolóxico e na innovación, na transformación dixital, na sustentabilidade e na internacionalización.

Así mesmo, o CIMA é o único activo produtivo do concello, polo que a concurrencia competitiva carecería de obxecto xa que non existen outros beneficiarios coa mesma infraestrutura específica e situación de risco extremo de despoboación. Esta singularidade obxectiva permite xustificar, conforme aos principios de igualdade, proporcionalidade e interese xeral, a formalización dun convenio específico, sen que se produza discriminación indebida respecto doutros concellos, o que acredita a excepcionalidade, singularidade e interese público para a súa concesión directa,



segundo se establece no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase en Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital,

O secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético
Nicolás Vázquez Iglesias

